



## RESUME DOG LIBROS DE TEXTOS E AXUDAS DE MATERIAL

### DEVOLUCIÓNS DOS LIBROS DA ESO PRESTADOS / COMPRADOS CON VALE:

- Todo o alumnado da ESO deberá devolver todos os libros de texto prestados polo centro ou adquiridos concargo ás axudas do curso 2017/18, ó titor/a o día de entrega de boletíns de notas.
- O alumnado da ESO que teña algunha materia pendente poderá quedar co(s) libro(s) desa(s) materia(s)ata que se examine, e entregaraos en Setembro.
- A non devolución dos libros de texto ou o seu deterioro serán causa de exclusión da participación no fondo/axudas.

### SOLICITUDE ( presentarase na secretaría do centro):

- Poderase presentar ata o 22 de xuño (excepcionalmente, o alumnado que repita 4º da ESO no 2018/19 poderá presentala no prazo de 1 mes desde que se matricule).
- Na solicitude figurarán todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro para o 2018/19.
- Renda per cápita familiar(\*):  
Para o Fondo: con calquera renda (asignaranse os libros que haxa por orde inversa á renda familiar; garántense 6 libros para rendas iguais ou inferiores a 5.400 € e 4 libros para rendas iguais ou inferiores a 9.000 €).
- Para Material escolar: renda per cápita igual ou inferior a 5.400 € (darase un vale de 50 €).  
[O alumnado con discapacidade do 66%, tutelado pola Xunta ou con NEAE, terán importes superiores].

### DOCUMENTACIÓN:

- Impreso de solicitude cuberto (única para todos os fillos no mesmo centro) e asinado polo pai/nai; tamén estará asinada por todos os que corresponda nos apartados correspondentes de autorizacións. O impreso pode recollerse na conserxería do centro. Importante: non se aceptarán impresos corrixidos ou manipulados (en caso de equivocación, debe cubrirse un novo impreso), nin os que non estean convenientemente asinados por todos os que corresponda.
- Fotocopia compulsada (hai que presentar o orixinal) do libro de familia (de todos os membros da familia).  
No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar o día 31 de decembro de 2016 non coincide coa indicada no libro terá que presentarse documento ou documentos —fotocopia e orixinal— que acrediten os membros da unidade familiar: sentenza de divorcio, certificado de convivencia, informe dos servizos sociais, certif. defunción etc. [Véxase o DOG]).  
o Só se procede: fotocopia compulsada (hai que presentar o orixinal) de documento que acredite que existía a discapacidade a 31/12/2016 dalgún dos membros da unidade familiar; ou documento que acredite situación de violencia de xénero no contorno familiar.
- Para o resto de acreditacións abondará con marcar e asinar as autorizacións de consulta telemática.

### IMPORTANTE:

A final de curso os libros deberán ser entregados no centro en bo estado para facer un banco de libros.

(\* )Forma de calcular a renda per cápita familiar:



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E O.U.  
IES DE VALGA



Baño s/n  
36645 VALGA  
☎ 886151990 ☎ 886151990  
✉ ies.valga@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesdevalga/>



Fondo Social Europeo

Divídense os ingresos(1) de todos os membros da unidade familiar polo n.º de persoas(2) que integran a unidade familiar.

o (1) Se se fixo declaración da renda aplicarase a do ano 2016 (é dicir, a realizada e presentada o pasado ano2017): súmanse as cantidades dos recadros 392 e 405. As persoas que non residiran en España no ano2016 deberán acreditar os seus ingresos ou presentar unha declaración responsable dos ingresos.o (2) Conforman a unidade familiar: os pais non separados legalmente (e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor) + os fillos menores de idade (con excepción dos emancipados) + os fillos smaiores de idade con discapacidade (física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada) + os fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar + a persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada cando haxa custodia compartida +a persoa que por novo matrimonio ou por convivencia en unión de feito viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.